



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
correo@carnota.gal
www.carnota.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA CARNOTA MADRUGA 2023/2024

ANTECEDENTES:

1.Carnota Madruga é un programa de conciliación que se vai desenvolver nas instalacións do CEIP Plurilingüe de Carnota durante o curso escolar 2023/2024. O obxectivo fundamental é favorecer a conciliación da vida laboral e familiar das familias que o precisen durante o período escolar e antes do inicio do horario lectivo, sempre que teñan fillos/as escolarizados/as neste centro de ensino.

2.O programa está dirixido ao alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Carnota durante o curso escolar 2023/2024.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

O artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece as atribucións que ostenta o alcalde.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

- 1.Aprobar as bases e a solicitude de inscrición do Programa Carnota Madruga 2023/2024 anexas a esta Resolución.
- 2.Dar conta desta Resolución ó Pleno.

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

Dou fe. O secretario

José Luis Veiga Sierra

BASES DO PROGRAMA CARNOTA MADRUGA 2023/2024

Carnota Madruga é un programa de conciliación que se vai desenvolver nas instalacións do CEIP Plurilingüe de Carnota durante o curso escolar 2023/2024. O obxectivo fundamental é favorecer a conciliación da vida laboral e familiar das familias que o precisen durante o período escolar e antes do inicio do horario lectivo, sempre que teñan fillos/as escolarizados/as neste centro de ensino.

1.DESTINATARIOS/AS

O programa está dirixido ao alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Carnota durante o curso escolar 2023/2024.

2.NÚMERO DE PRAZAS

Ofértanse un total de 20 prazas.

3.CRITERIOS DE SELECCIÓN (NON EXCLUÍNTES) E ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

Para outorgar as prazas teranse en conta os seguintes criterios, segundo a puntuación que se indica na seguinte táboa:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Familias nas que ambos os proxenitores ou titores legais traballen ou familias monoparentais ou monomarentais traballando.	15
Familia monoparental ou monomarental.	2
Familia numerosa categoría xeral.	2
Familia numerosa categoría especial.	3
Familias con fillas/os con certificado de discapacidade.	2 (por filla/o que presente certificado de discapacidade)
Vítimas de violencia de xénero.	2
Renda <i>per cápita</i> igual ou inferior a 9000 €.	2

A adxudicación das prazas realizarase da seguinte maneira:

- Adxudicación directa: se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.
- No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas, a selección dos/das aspirantes realizarase en función do cumprimento dos requisitos da táboa anterior, asignando praza directa aos que teñan a maior puntuación ata cubrir a totalidade das prazas.

No caso de que se produzan empates nas puntuacións, realizarase un sorteo público entre as/os aspirantes que teñan a mesma puntuación. Realizaranse tantos sorteos como empates

se produzan ata cubrir as prazas e establecer a orde da lista de agarda.

Dado que un dos obxectivos desta actividade é favorecer a conciliación da vida laboral e familiar, nos sorteos que de ser o caso se realicen, os/as irmáns/irmás irán na mesma papeleta.

4.PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes abrangue dende o 7 ata o 18 de agosto, ás 14:00 horas (ambos incluídos).

No caso de que o número de solicitudes presentadas sexa inferior ao número de prazas ofertadas adxudicaranse directamente as prazas sen máis trámite.

Cando o número de solicitudes supere a capacidade da oferta, farase unha selección conforme ao procedemento e os criterios establecidos no apartado 3 destas bases. Neste caso, abrirase un prazo para a presentación da seguinte documentación co obxecto de realizar a valoración das solicitudes:

- Vida laboral dos proxenitores ou certificado de servizos prestados.
- Xustificación acreditativa de familia monoparental ou monomarental.
- Título de familia numerosa.
- Certificado do grao de discapacidade.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero, en vigor.
- Declaración do IRPF correspondente ao ano 2022. Certificado de imputacións de renda, emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Poderanse presentar máis solicitudes durante todo o curso escolar ata cubrir a totalidade das prazas ou, de ser o caso quedar en lista de agarda, ocupando o último lugar nesta.

Cabe a posibilidade de valorar situacións familiares de especial dificultade, previo informe elaborado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.

5.HORARIOS

O horario deste programa abrangue dende as 08:00 horas ata o comezo da actividade lectiva no CEIP Plurilingüe de Carnota.

Poderase solicitar o servizo para todo o curso escolar e mes completo, todo o curso escolar pero só uns días determinados á semana ou días soltos sempre que haxa prazas libres o día solicitado.

6.NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Deberanse comunicar á persoa encargada da actividade os cambios que se produzan en relación cos datos que figuren na folla de inscrición.

Máis de catro faltas de asistencia ao mes sen xustificar ao programa poderán ocasionar a baixa na actividade. Neste caso, ofertaráselle a praza ao neno ou nena que corresponda segundo a orde establecida na lista de agarda.

7. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comprobación dos criterios de selección e da documentación achegada, será realizada por unha comisión de valoración, que queda constituída polos seguintes membros:

Titulares:

1. Educadora familiar do Concello de Carnota
2. Técnica de información xuvenil do Concello de Carnota
3. Técnica de normalización lingüística do Concello de Carnota

Suplentes:

1. Traballadora social do Concello de Carnota
2. Técnica de cultura do Concello de Carnota
3. Orientador laboral do Concello de Carnota

8. PUBLICIDADE

As bases e as resolucións que se ditén neste procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota (<https://sede.carnota.gal/opencms/es/informacion/>) e na páxina web do Concello de Carnota (<https://www.carnota.gal/taboleiro-anuncios/>).

A lista de persoas admitidas e excluídas, xunto coa lista de agarda, será publicada co nome e apelidos do/da representante da persoa que solicita a praza.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19

15293 CARNOTA (A Coruña)

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PROGRAMA CARNOTA MADRUGA 2023/2024

DATOS PERSOAIS DO ALUMNADO:

1º ALUMNO/A	
Nome e apelidos:	Curso actual:
Data de nacemento:	Idade:

2º ALUMNO/A	
Nome e apelidos:	Curso actual:
Data de nacemento:	Idade:

3º ALUMNO/A	
Nome e apelidos:	Curso actual:
Data de nacemento:	Idade:

DATOS PERSOAIS E LABORAIS DE NAIS, PAIS, TITORES/AS LEGAIS:

Nome e apelidos da nai ou titora legal	DNI
Teléfono de contacto:	Horario laboral:
Enderezo:	

Nome e apelidos da pai ou titor legal	DNI
Teléfono de contacto:	Horario laboral:
Enderezo:	

De acordo co establecido no Regulamento xeral de protección datos (Regulamento UE 2016/679), consinto que tanto os meus datos de carácter persoal como os do/a menor de idade, sexan incluídos nun ficheiro coa finalidade de xestión administrativa do Concello e declaro estar informado/a sobre os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade que poderei exercer no domicilio social de Concello de Carnota (Praza de San Gregorio, 19; 15293 Carnota - A Coruña).



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19

15293 CARNOTA (A Coruña)

SERVIZOS E HORARIOS SOLICITADOS:

Todo o curso escolar:

Mes completo

Días soltos, especificar cales:

Horario de entrada:

DECLARACIÓN E XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL CONFORME AS BASES:

- Ambos os proxenitores traballan actualmente ou familias monoparentais ou monomarentais traballando.
- Familias monoparentais ou monomarentais.
- Familias numerosas.
- Víctimas de violencia de xénero.
- Familias con fillas/os con certificado de discapacidade.
- Renda *per cápita* igual ou inferior a 9.000€.

DECLARACIÓN:

Padece algún tipo de alerxia, enfermidade ou necesidade educativa que poida impedir a realización dalgunha actividade ou esixa algún tipo de atención específica?

En caso afirmativo, indicar cales:

AUTORIZACIÓN PARA A DIFUSIÓN DE IMAXES E TRABALLOS REALIZADOS

Como nai, pai ou titor/a da persoa solicitante, autorizo ao Concello de Carnota ao uso das imaxes tomadas durante a realización do Programa Carnota Madruga 2023/2024, así como a que os seus traballos audiovisuais sexan difundidos publicamente con fins informativos e pedagóxicos. SI NON



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19

15293 CARNOTA (A Coruña)

ACEPTACIÓN DAS BASES

Coñezo e acepto as bases reguladoras do Programa Carnota Madrugada 2023/2024.

SINATURA DA NAI/PAI OU TITOR/A LEGAL

Lugar e data: Carnota, ____ de _____ de 20__

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde
Juan Manuel Saborido Rama

Dou fe. O Secretario
José Luis Veiga Sierra